

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/06/2019 13:23:36

SAIDA **7301/19**

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 054/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de abril de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de abril de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a denegación, por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso ós expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidas pola Xefatura Territorial de Educación en Lugo durante os últimos 4 anos nos centros Josefinas, Maristas Franciscanos, María Auxiliadora, La Milagrosa, Aneja e Rosalía de Castro.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, copia do seu DNI e copia do DNI de [REDACTED].

**Segundo.** Con data 3 de abril de 2019, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 10 de abril de 2019.

**Terceiro.** Con data do 3 de maio de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo copia do expediente co seu correspondente informe no que, en síntese, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional manifesta o seguinte:

Como se indica na resolución que se remitiu ao interesado (resolución do 3 de abril de 2019, posta a disposición do interesado o 5 de abril en Notifica.gal), a normativa educativa que regula a materia é a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, que regula o procedemento de escolarización do alumnado de xeito extraordinario atendendo a diversas circunstancias excepcionais.

O acceso aos expedientes de aumento de ratio non pode realizarse deixando a salvo os datos persoais dos afectados, xa que todo o expediente ten como fundamento a valoración das circunstancias persoais das persoas afectadas que fan preciso ou xustifican o aumento de ratio, tendo sempre presente que son datos que afectan a menores. Os expedientes de escolarización extraordinaria que conlevan un aumento de ratio implican a incorporación dun alumno ou dunha alumna a un centro educativo fora do período ordinario, xa que se dan circunstancias excepcionais polo que son facilmente identificables; aínda que se poida eliminar o nome e apelidos da persoa afectada do expediente, se só un alumno ou alumna se incorporou a metade de curso a un centro educativo, resulta claramente identificable que todos os datos persoais reflectidos no expediente se corresponden co dito alumno ou alumna.

Polo tanto, a Consellería facilitou ao interesado os datos estatísticos de alumnado matriculado, coa finalidade de intentar consensuar o interese de ██████████ en coñecer a información, cos dereitos das demais persoas interesadas, en concreto co respecto á confidencialidade dos datos persoais dos menores implicados nos ditos expedientes de aumento de ratio.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación



dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

No presente caso, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional resolveu a solicitude de acceso á información expresamente o 3 de abril de 2019, transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, e dado que a reclamación presentouse o día 2 de abril de 2019, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto. Análise do expediente**

O interesado presentou a súa reclamación contra a denegación por silencio administrativo, unha vez transcorrido o prazo dun mes que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional tiña para resolver a súa solicitude de acceso á información. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional resolveu fora do prazo legalmente previsto, conceder o acceso aos datos de escolarización dos centros solicitados e denegando o acceso aos expedientes de aumento de ratio, xustificando esa denegación na garantía da confidencialidade dos dereitos dos alumnos por canto os datos que figuran nos expedientes poden afectar á súa seguridade ou intimidade, e se refiren a menores de idade.

A Consellería xustifica na resolución que se remitiu ao interesado e no informe remitido a esta Comisión, que os procedementos de escolarización do alumnado de xeito extraordinario ao ter como orixe a existencia de circunstancias excepcionais e por tanto, ter o expediente como

fundamento a valoración das circunstancias persoais das familias e alumnos afectados, que fan preciso ou xustifican o aumento de ratio, tendo sempre presente que son datos que afectan a menores, non é posible eliminar os datos identificativos dos alumnos sen que se poidan facilmente identificar, dado que se refiren a alumnos que se incorporan a un centro educativo fora do período ordinario, polo que resultan claramente identificables aínda que se elimine o seu nome e apelidos.

Neste punto, débese lembrar que o dereito de acceso á información, tal e como se menciona no preámbulo da Lei, debe permitir o escrutinio da acción pública, pero o obxecto da mesma non pode ser, en ningún caso, o coñecemento de información de carácter persoal que non achegue un valor fundamental para realizar o devandito escrutinio e que, pola contra, poida supoñer un prexuízo no dereito á protección dos datos persoais e entre na esfera da intimidade persoal e familiar das persoas afectadas.

A Consellería facilitou ao interesado os datos estatísticos de alumnado matriculado, coa finalidade de facer compatible o interese do solicitante en coñecer a información, cos dereitos dos alumnos e as súas familias, en concreto co respecto á confidencialidade dos datos persoais dos menores implicados nos ditos expedientes de aumento de ratio.

Considerase que a ponderación realizada pola Consellería, entre o interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados, neste caso os alumnos e as súas familias, é adecuada, no senso de protexer datos que poidan afectar á intimidade ou seguridade dos menores e as súas familias, compatibilizándoo co acceso á información mediante acceso aos datos de escolarización nos centros solicitados, e é por tanto conforme co disposto no artigo 15.3.d) da Lei 19/2013, polo que procede a desestimación da reclamación presentada, ao ser a resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, aínda que ditada fora de prazo, conforme co disposto na normativa en materia de Transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


#### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por ■■■■■■■■■■, contra a desestimación presunta inicialmente e resolución expresa posteriormente, da súa solicitude de acceso aos expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidos pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos últimos catro anos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.



Milagros Otero Parga  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**